

## Concello de Viveiro

**EXPTE.- 4362/2022**

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia número 159, de 13 de xullo de 2022, publica a convocatoria do proceso para a selección de persoal laboral temporal mediante a modalidade de contrato laboral de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos-Disposición Adicional quinta do Real Decreto-Lei 32/2021 (Modelo 406), ao amparo do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería Do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, para a contratación de cinco traballadores non incluídos no cadro de persoal do Concello.

Vistas as bases xerais, anexos e específicas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro ao amparo do convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a Entidade Local de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, para a contratación de cinco traballadores non incluídos no cadro de persoal do Concello, con número de expediente: 4362/2022.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 20 de xullo de 2022 nomeando aos membros do Tribunal do proceso selectivo para a contratación de tres PEÓNS, non incluídos no cadro de persoal do Concello.

Vista a base xeral no punto 8.3, que sinala “(...) **LISTA DEFINITIVA.-** *Transcorrido, no seu caso, o prazo indicado no punto anterior, aprobarase por Resolución da Alcaldía a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no procedemento selectivo. A aprobación desta lista definitiva suporá a estimación ou desestimación das subsanacións presentadas polos aspirantes excluídos. Esta lista definitiva será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital.*

*O feito de figurar na relación de admitidos non se estima que se lle recoñeza ao interesado a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo. No caso de que, no transcurso do proceso poidese desprenderse que non posúen algún dos requisitos, o persoal interesado decaerá de todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación neste procedemento...”*

Tendo en conta que no Rexistro Xeral deste Concello, o aspirante excluído D. Lucan Marín presenta copia compulsada da documentación indicada na causa de exclusión da lista provisional de admitidos e excluídos do proceso selectivo de tres peóns da brigada contra incendios 2022.

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a seguinte **lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo de TRES PEÓNS:**

#### A) ADMITIDOS:

Nº	Apelidos e Nome	Proba de galego
----	-----------------	-----------------

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147



## Concello de Viveiro

1	AIJON BARREIRO GUILLERMO	<b>EXENTA</b>
2	CABRERA MANZANO ADOLFO	<b>NON EXENTA</b> <i>(Pode ser obxecto de subsanación).</i>
3	DIEGUEZ RAPA HENAR	<b>NON EXENTA</b> <i>(Pode ser obxecto de subsanación).</i>
4	LÓPEZ FERNÁNDEZ DIEGO	<b>EXENTA</b>
5	MODIA LÓPEZ AMANDO	<b>EXENTA</b>
6	MONTEIRO MONTEIRO MANUEL	<b>EXENTA</b>
7	MONTOYA MONTEIRO JOSE ANTONIO	<b>EXENTA</b>
8	TOIMIL SANTIN ANXO	<b>EXENTA</b>
9	LUNCAN MARIN	<b>NON EXENTA</b> <i>(Pode ser obxecto de subsanación).</i>

**SEGUNDO.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios, páxina web municipal e taboleiro de anuncios dixital para o seu coñecemento.

Contra esta resolución os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante do Presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018,

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

